

## OS EFECTOS REGRESIVOS DA REFORMA DO IRPF

O Departamento de Comunicación de CC.OO. fixo público un comunicado no que afirma que o sistema aplicado coa reforma do IRPF apoiado nos gastos deducibles realizados antes de calcular a base imponible, ten efectos regresivos moi fortes, tanto polos conceptos manexados como polas contías utilizadas.

No Estudio elaborado polo Gabinete Técnico de CC.OO. criticase o sistema aplicado porque pretende igualar a tódolos cidadáns fixando contías únicas como gasto necesario para vivir (mínimo persoal) ou afrontar as necesidades dun fillo (mínimo familiar por fillo). Este plantexamento é inxusto ó obviar o grado de esforzo do cidadán para afrontar o mesmo gasto, ó ser inverso ó nivel de renda dispoñible. A maior renda menor esforzo para asumir os mesmos gastos. As rendas salariais máis baixas poden non aproveitar plenamente a ampla gama de deducións; por contra, os tramos superiores poden utilizar os gastos deducibles de forma íntegra.

Según CC.OO., a recompensa obtida polo contribuínte en términos reais aumenta a medida que se incrementan as rendas (o aforro é superior ó estar afectado por un tipo impositivo máis alto). As vantaxes (rebaixas) obtidas coas deducións polos contribuíntes con rendas maiores de 11 millóns de pesetas (48% de tipo marxinal polo exceso de esa cantidade) son 2,7 veces superiores ás recibidas polos cidadáns con rendas modestas (18% de tipo de gravamen).

Por outra banda, a aplicación do mínimo persoal serviu de xustificación para eliminar deducións en cuotas moi significativas: aluguer de vivenda e gastos de enfermidade. "Coñecido o prezo da vivenda en aluguer en España, constitúe una falta de respecto afirmar que este gasto queda incluído nos 3.305 euros (550.000 pesetas) asignados ó mínimo vital", denuncia CC.OO.